



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente núm./ Expediente nº: 5040/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe/ Resolución con número y fecha establecidos al margen

Procedemento/ Procedimiento: Accións de Carácter Cultural/ Acciones de Carácter Cultural

Dona Marta María Rouco Seoane, Alcaldesa do Concello de Vilalba, no uso das atribucións competenciais outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros preceptos análogos dispón o que segue:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO/ HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO

Sendo que vaise a levar a cabo a celebración do V concurso de Samaín “Pinta e crea a túa cabaza” no municipio Vilalbés.

Vista a providencia asinada pola alcaldesa e incorporada a este expediente onde se xustifica que a presente actividade non se encontra regulada pola normativa, e polo tanto a lexislación aplicable virá determinada pola Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e da lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Visto que dito concurso ten por obxecto e finalidade celebrar unha das festividades de orixe celta máis importantes, chea de maxia e misterio, como é o Samaín, na que pode participar toda a familia mediante o deseño e caracterización dunha cabaza.

Visto o informe de secretaria con código 2024-0267 emitido en data do 9 de outubro de 2024 onde se informa favorablemente ás pretensións da alcaldía no relativo a premios non solicitados polos beneficiarios.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1642 de 9 de outubro de 2024./ Vista la propuesta de resolución PR/2024/1642 de 9 de octubre de 2024.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

Marta María Rouco Seoane (1 para 2)
Alcaldesa do Concello de Vilalba
Data: 09/10/2024
HASH: 30bee74f8294837c668280b1a19ba6eac



Sello do Órgano de Secretaría (2 para 2)
Concello de Vilalba
Data: 09/10/2024
HASH: 6a4d43156188b3c7797f77ae8f65fb



DECRETOS
Número: 2024-1066 Data: 09/10/2024

Cod. Validación: 9F26PCG9YNGDME6XTJTNNDT4S
Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5





RESOLUCIÓN

Examinadas as Bases da convocatoria do concurso, e de conformidade co artigo 21.1 s)da Lei 7/1985, do 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local, procede resolver:

Primero. Aprobar as bases reguladoras do V Concurso de Samaín “Pinta e crea a túa cabaza” que figuran no anexo ao presente acordo, nos termos en que figuran no expediente, e segundo consta no documento asinado pola concelleira delegada en data 8 de outubro de 2024 e con código seguro de verificación 5QMDYHH22TXFHSPCWPK4G2L4P.

Segundo. Publicar o texto íntegro das Bases reguladoras do concurso na sede electrónica do Concello para dar coñecemento das mesmas e posibilitar calquera tipo de observacións respecto delas.

Terceiro. Aprobar a realización dos premios segundo as disposicións contidas nas bases que rexen o mesmo.

Cuarto. O persoal encargado da valoración dos premios será nomeado mediante resolución da Alcaldía e deberá ser publicada na sede electrónica da Corporación cunha antelación mínima de dous días hábiles á celebración das actuacións do Samaín.

En todo caso, a composición do tribunal poderá ser alterada mediante resolución da Alcaldía debidamente motivada e debido a circunstancias imponderables dos membros do tribunal.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A alcaldesa do Concello de Vilalba, Dona Marta María Rouco Seoane.

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 3671/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0543, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO
ELECTRÓNICAMENTE**

DECRETOS
Número: 2024-1066 Data: 09/10/2024

Cod. Validación: 9F26PCG9YNGDME6XTJTNNDT4S
Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5





Concello de Vilalba

Procedemento: Accións de Carácter Cultural

Expediente número: 5040/2024

Asunto: Bases do V concurso de samaín - "Pinta e crea a túa cabaza de Samaín"

Contido Bases Legais Concurso

1. Obxecto e finalidade

O Concello de Vilalba, a través da súa Concellería de Feiras e Mercados, Educación, Infancia e Xuventude, convoca o V concurso de Samaín "Pinta e crea a túa cabaza de Samaín" destinado a representar a través desta modalidade artística a festividade do Samaín.

2. Persoas ás que se dirixe

Para participar neste concurso establécense dúas categorías, infantil e familiar.

Categoría Infantil: ata 12 anos

Categoría Familiar: nesta categoría ten que participar como mínimo un menor de 12 anos.

Non será necesaria a inscrición previa. O propio día do evento deberán asinar a autorización ao entregar a súa cabaza na caseta do Samaín.

3. Mecánica de participación

Cada participante pode participar en unha ou as dúas categorías (infantil e familiar).

Entregaranse as cabazas a concurso o día **1 de novembro** de 2024 na Praza da Constitución, **en horario de 11h a 13h**. A cada cabaza asignaráslle un número no momento da súa recepción.

Todas as cabazas estarán expostas durante o Venres, día **1 de novembro** de 2024 na Praza da Constitución, de **13:00h a 19:00h** ininterrompidamente.

As cabazas deben recollerse ao finalizar o sorteo do concurso.

4. Criterios de valoración para o xurado.

Os criterios de valoración son:

_ Uso de materiais reciclados: de 0 a 5 puntos

Concello de Vilalba, Praza da Constitución número 1, 27800 Vilalba **Páxina 1 de 3**

DECRETOS
Número: 2024-1066 Data: 09/10/2024

Cod. Validación: 9F26PCG9YNGDME6XTJTNNDT4S
Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5





Concello de Vilalba

- _ Orixinalidade e creatividade: de 0 a 5 puntos
- _ Dificultade na execución: de 0 a 5 puntos
- _ Grao de relación coa festividade do "Samaín": de 0 a 5 puntos
- _ Na categoría de infantil valorarase a autonomía na elaboración e presentación do traballo: de 0 a 5 puntos.

No caso de empate na puntuación obtida, o xurado establecerá o mecanismo para desempatar.

5. Premios.

Cada categoría infantil e adulto, estará dotada de tres premios, que consistirán nun agasallo e un diploma.

Votación Xurado	
CATEGORÍA INFANTIL:	CATEGORÍA FAMILIAR:
<input type="checkbox"/> 1ª premio: agasallo e diploma	<input type="checkbox"/> 1ª premio: agasallo e diploma
<input type="checkbox"/> 2º premio: agasallo e diploma	<input type="checkbox"/> 2º premio: agasallo e diploma
<input type="checkbox"/> 3º premio: agasallo e diploma	<input type="checkbox"/> 3º premio: agasallo e diploma

Ás 19:00h farase a entrega dos premios na Praza da Constitución.

6. Xurado.

O xurado estará composto por un máximo de 5 persoas, designadas polo Concello para este fin, de distintos ámbitos, presidido por Concelleira de Feiras e Mercados, Educación, Infancia, Xuventude e Deportes, ou persoa en que delegue, e técnico de cultura ou persoa en quen delegue, que farán constar o resultado do concurso na acta correspondente.

Tanto a composición dos membros do xurado como a resolución dos premios, faranse públicos na páxina web www.vilalba.gal e na Sede Electrónica do concello.

O xurado comprobará que os participantes reúnen as condicións requiridas nas bases, e a resultas desta comprobación procederá a outorgar aos participantes as puntuacións de conformidade cos criterios que figuran nas presentes bases e procederá a declarar aos gañadores de cada premio.

O fallo do Xurado será inapelable e darase a coñecer o mesmo día do concurso.

7. Aceptación das bases do concurso.

Concello de Vilalba, Praza da Constitución número 1, 27800 Vilalba Páxina 2 de 3

DECRETOS
Número: 2024-1066 Data: 09/10/2024

Cod. Validación: 9F26PCG9YNGDME6XTJTNNDT4S
Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5





Concello de Vilalba

A participación neste Concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como as decisións do Xurado, podendo quedar excluído todo aquel participante que incumpra as mesmas.

8. Protección de datos de carácter persoal

As persoas participantes aceptan, mediante a súa participación neste concurso, a publicación das súas fotografías nas redes sociais, medios de comunicación e web do Concello de Vilalba; e os seus datos serán tratados de conformidade co recollido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa aplicable na materia.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A Concelleira de Feiras e Mercados, Educación, Infancia, Xuventude e Deportes, Paula Vigo Lamas.

DECRETOS
Número: 2024-1066 Data: 09/10/2024

Cod. Validación: 9F26PCG9YNGDME6XTJTNNDT4S
Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

